

ROTEIRO POLO RÍO ARNOIA

no concello da Merca (Ourense)

O Arnoia atravesa boa parte da provincia de Ourense, pasando por 11 concellos ata desembocar no Miño. Un deles é o da Merca, polo que transcorre durante uns 5 km, rodeado de exuberante vexetación de ribeira e encaixado entre montes de considerable pendente; por iso ten aquí un curso rápido, rochoso e con fortes remuíños e correntes. Antano foi moi aproveitado pola poboación local, como demostran o seu rico patrimonio etnográfico (pontes e pasais, muíños e represas, etc.) e a abondosa microtoponimia. Pero o «progreso» trouxo, como noutras zonas, nefastas consecuencias: abandono dos usos tradicionais, despois vertidos que o converteron ata hai pouco nun dos ríos máis contaminados de Galiza, e agora a ameaza de morte en forma da construción dunha nova («mini») central hidroeléctrica no seu curso.

Como noutros lugares, a sociedade reaccionou mobilizándose e constituíuse o Colectivo de Amigos do Arnoia. A pesar do seu labor non se puido paralizar o inicio das obras, hoxe bastante adiantadas, polo que en pouco tempo pode que xa non sexa posible contemplar o Arnoia tal e como nós teremos oportunidade de facelo.

O roteiro, de dificultade media, constará de dúas etapas: na primeira admiraremos o Arnoia en todo o esplendor do seu estado case virxe tras anos de desuso por parte do ser humano; na segunda veremos a desfeita causada polas obras da minicentral, que xa logo chegan ao punto onde se erguerá o muro de contención.

DOMINGO, 26 de XUÑO

Normal.....	10 €
Estudantes, xubilados e no paro.....	9 €
Asociados/as.....	8 €
Ata 17 anos.....	3 €

SAÍDA: diante da Escola de Maxisterio de LUGO ás 9 da mañá.

Imprescindible anotarse previamente chamando ao **660 890655** (Ana)



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza – ADEGA Lugo
Colaboran: ADEGA Ourense e A. X. Xoldreira

**Levar roupa e calzado adecuados e comida para o camiño.
O bo humor poñerémolo entre todas e todos...**